



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 11 DE MARZO DO 2019

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día once de marzo de dous mil dezanove, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D.Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

Non asiste a concelleira do grupo municipal socialista D^a Pilar Espinosa Novelle.

Interventora acctal.: Dna.María I. Buján Arias.

Secretario: D.José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 28 DE XANEIRO DE 2019.

Toma a palabra D^a Pilar López manifestando que en distintos puntos ao longo da acta aparece D^a Pilar Rodríguez entendendo que é un corta e pega sen mái.

. Sometido a votación coa corrección antes formulada pola concelleira, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 28 de xaneiro do 2019.



2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.01.2019 a 21.02.2019.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21 de xaneiro do 2019 e o 21 de febreiro do 2019.

PARTE RESOLUTIVA

3. RATIFICAR ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 18.02.2019 DE SOLICITUDE DE BONIFICACION DO CANON UNITARIO DE TRATAMENTO DE RESIDUOS URBANOS PARA O EXERCICIO 2019

O ditame é favorable á moción, por catro votos a favor (Grupo Socialista) e seis abstencións (Grupo municipal PP, Esperta Monforte e concelleiras non adscritas) e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a acordo da Xunta de Goberno:

“Visto o establecido no apartado Tres bis da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, e unha vez publicado no DOG do día 23.01.2019 o importe da bonificación do canon pola xestión dos residuos urbanos que presta a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A..

Visto que o Concello de Monforte ten interese en acollerse á redución do canon prevista (10%), e que se atopa en condición de poder cumprir coas dúas premisas que se esixen: trasladar con efectos económicos do 1 de xaneiro o importe equivalente ao da bonificación ós beneficiarios do servizo e aprobarnovas medida que fomenten a recollida selectiva, a redución de lixo e ofomento da reciclaxe

Polo que antecede ,a Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

Primeiro: *Solicitar a Sogama a aplicación da bonificación do canon unitario para 2019, correspondente ó 10% do canon unitario vixente en 2018.*

Segundo: *Adoptar o compromiso de adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo.*



Terceiro: *Adoptar o compromiso de procurar unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.*

Cuarto: *Dar traslado do presente acordo a Sogama antes da data límite do 23 de febreiro de 2019”.*

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D^a Pilar López manifestando que ía preguntar polos prazos pero coa xustificación que fixo o Sr. Alcalde manifesta o seu voto a favor.

Toma a palabra D. Emilio manifestando o seu voto a favor deste acordo reincindo nunha iniciativa presentada polo BNG de introducir a compostaxe comunitaria onde se poda facer, atendendo ao terceiro punto deste acordo se dea cumprimento a aquela iniciativa presentada polo BNG.

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por unanimidade ratifica o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.02.2019 que sinala:

Primeiro: *Solicitar a Sogama a aplicación da bonificación do canon unitario para 2019, correspondente ó 10% do canon unitario vixente en 2018.*

Segundo: *Adoptar o compromiso de adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo.*

Terceiro: *Adoptar o compromiso de procurar unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.*

Cuarto: *Dar traslado do presente acordo a Sogama antes da data límite do 23 de febreiro de 2019”.*

4. RESOLUCION DE ESCRITOS PRESENTADOS POR D^a M^a DEL CARMEN DAPENA POZO EN RELACIÓN A XUSTIPREZO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN MARGENES DO RÍO CABE

O ditame é favorable á moción, por catro votos a favor (Grupo Socialista) e seis abstencións (Grupo municipal PP, Esperta Monforte e concelleiras non adscritas) e que se someta a decisión plenaria.



Transcríbese a proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos presentados por D^a M^a del Carmen Dapena Pozo con datas 05.03.2015 RE 2043, 2044, 2045 e 2046 e escrito presentado con data 28.12.2018 RE 20570 relativos a reclamación das follas de xustiprezo das fincas núm. 37, 38, 39 e 42-1 do expediente de expropiación da Marxenes do río Cabe.

Visto o informe emitido polo arquitecto redactor do proxecto D. Ignacio de Loyola López Quiroga de data 18.02.2019.

Polo que antecede, PROPOÑO:

Desestimar as peticións realizadas por D^a M^a del Carmen Dapena Pozo segundo o informe do Técnico redactor do proxecto no que se ratifica nas follas de xustiprezo das fincas núm. 37, 38, 39 e 42-1 do proxecto de expropiación . “

Toma a palabra D. Francisco José Cela Rodríguez manifestando que non vai participar neste punto por motivos persoais.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D^a Pilar López preguntando se o primeiro punto é desestimar e o segundo punto é remitir ao Xurado de Expropiación.

Toma a palabra o Sr. Secretario aclarando as preguntas da Sra. Pilar López.

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por unanimidade acorda desestimar as peticións realizadas por D^a M^a del Carmen Dapena Pozo segundo o informe do Técnico redactor do proxecto no que se ratifica nas follas de xustiprezo das fincas núm. 37, 38, 39 e 42-1 do proxecto de expropiación.

5. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA A ESCRITO DE AMNISTIA INTERNACIONAL

O ditame é favorable á moción, por catro votos a favor (Grupo Socialista) e seis abstencións (Grupo municipal PP, Esperta Monforte e concelleiras non adscritas) e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a declaración:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS ANTE O ASASINATO DE MARIELLE FRANCO CONCELEIRA DA CAMARA MUNICIPAL DE RÍO DE XANEIRO.



Ante este crime o Concello e Monforte de Lemos:

. Mostra as súas condolencias e solidariedade coa familia e amizades de Marielle Franco e Anderson Pedro Gomes.

. Fai un chamamento ao Goberno da República Federativa do Brasil para que:

- Realice unha investigación rápida, completa e independente sobre as circunstancias que levaron á morte de Marielle e Anderson, identifique non só aos autores dos disparos, senón tamén aos autores intelectuais, e que os resultados das devanditas investigacións se fagan públicos.
- Poña a disposición da Xustiz a todas as persoas responsables do crime
- Adopte as medidas precisas para garantir a protección e asistencia efectiva ás familias das vítimas, incluíndo apoio psicolóxico e xurídico.

Dea protección inmediata ás testemuñas do crime para impedir calquera forma de acoso, intimidación ou ameaza

,O Pleno, por unanimidade ACORDA:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS ANTE O ASASINATO DE MARIELLE FRANCO CONCELEIRA DA CAMARA MUNICIPAL DE RÍO DE XANEIRO.

Ante este crime o Concello e Monforte de Lemos:

. Mostra as súas condolencias e solidariedade coa familia e amizades de Marielle Franco e Anderson Pedro Gomes.

. Fai un chamamento ao Goberno da República Federativa do Brasil para que:

- Realice unha investigación rápida, completa e independente sobre as circunstancias que levaron á morte de Marielle e Anderson, identifique non só aos autores dos disparos, senón tamén aos autores intelectuais, e que os resultados das devanditas investigacións se fagan públicos.
- Poña a disposición da Xustiz a todas as persoas responsables do crime
- Adopte as medidas precisas para garantir a protección e asistencia efectiva ás familias das vítimas, incluíndo apoio psicolóxico e xurídico.

Dea protección inmediata ás testemuñas do crime para impedir calquera forma de acoso, intimidación ou ameaza



6. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE SOBRE DESMENTIR O ANUNCIO PUBLICO DE QUE TOMÉ FIXO A 1ª GUIA TURÍSTICA DE MONFORTE

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor (Grupo Municipal Esperta Monforte) e nove abstencións (Grupo municipal Socialista, Grupo municipal PP, grupo municipal Esperta Monforte e grupo municipal Concelleiras non adscritas) e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

- “1. Instar ao seño alcalde, Don José Tomé Roca, a que recoñeza de xeito público e polos mesmos medios publicitarios, que non dixo a verdade cando afirmou que Monforte tiña, por fin a primeira guía turística.*
- 2. Instar a que nos explique aos demais membros do pleno, cómo e cándo se ordenou elaborar esta publicación. Tamén cal foi o asesoramento co que se contou para elaborar dita guía dado que a corporación non tiñamos ningún tipo de información ao respecto.*
- 3. Instar ao equipo de goberno a poñer en valor a Historia e Patrimonio de Monforte de Lemos, recoñecendo a herdanza que nos legaron autores como Hermida Balado ou Germán Vázquez ademáis dos alcaldes e equipos de goberno que tivo esta cidade. “*

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D^a Isabel García dando lectura a súa moción.

Toma a palabra D^a Pilar López manifestando o seu voto a favor, reservándose para a segunda intervención despois da resposta do Sr. Alcalde ou voceiro do grupo socialista.

Toma a palabra D^a Julia Rodríguez entende que o verdadeiramente importante é que haxa unha guía. O que vostede se refire son libros son edicións que entran en facer un análise máis en profundidade. Non lle parece que sexa determinante se a primeira ou se a quinta, iso forma parte do estilo do sr. Tomé. Di que é triste que durante o anterior mandato non tiveramos unha guía e agora que chegamos a final de mandato temos unha guía. Fala de que vai esperar o que di o Sr. Alcalde, manifestando que o pide a Sra. Isabel o relevante quen foi o primeiro, agora a temos, probablemente é mellorable.

Toma a palabra D. Emilio Rodríguez manifesta o seu voto a favor básicamente polo punto número dous. Fala que dase por sentado o de poñer en valor o patrimonio histórico. A historia está ahí podenna contar xente recoñecida ou outros contemporáneos. Di que a guía é unha ferramenta que ten un Concello para vender Monforte de cara a atraer turismo, dicindo que hai moitos modelos

de guías, di que esta guía vota en falla moitas cousas, di que vai facer unha crítica constructiva, como por exemplo, no atopou a feira medieval, non aparece o embarcadero de Doade, esas son cousas mioares, a traducción ao galego esas son cousas menores como a traducción ao galego, con bastantes erros, fala da traducción, fala do festival do paradiso. Pide que se explique porque non aparece o tema dos catamaráns e a feira medieval.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando a ausencia de D^a Pilar Espinosa por unha operación.

Toma a palabra D. Iban Torres agradece a intervéñ de D^a Julia Rodríguez manifestando que foi moi clarificadora para el, por aclararlle a importancia de ser o primeiro. Dille a D^a Isabel que o que cree aquí vostede é ridículo. O enorme interese de lavar a cara a gobernos anteriores, referíndose ao alcalde co que compartiu vostede lista electoral. Dille que cree que o que lle preocupa e lle disgusta é que este equipo faga cousas. Dille que o alcalde dixo a verdade e que a que ten que desmentir é vostede. Entende que esto non é unha moción é o contido dun rogo. Di que ten claro que non é quén para aprobar ou desaprobado, non é ninguén para impedir a liberdade de expresión do alcalde. Dille que o que se di na moción é falso, di que é unha cousa moi pouco seria. O importante non é ser o primeiro senón o que se fai. Agradecería que non utilice a memoria da súa familia para tentar manipular. Di que non lle ve a transcendencia disto. A guía que trae vostede é unha guía da provincia de Lugo, non era unha guía turística de Monforte, o segundo exemplo é unha fotocopia dun libro de Germán Vázquez, o terceiro exemplo unha fotocopia da vida de Hermida Balado. O importante é o que se faga. Pídelle rigor a D^a Maribel á hora de presentar estas cousas. O Alcalde dixo a verdade e esta é a primeira guía de Monforte.

Toma a palabra D^a Isabel García manifestándolle ao portavoz do. Iban Torres que llo acaba de poñer moi sinxelo aínda que como ven sabe está acostmada ás cousas difíciles, porque que o acaba de dicir o sr. Torres o único que evidencia é que non ten nin puñetera idea da existencia da guía de Monforte do ano 1992 editada sendo alcalde o seu pai dado que o que mostra e o que presentan é unha guía de servizos tamén editada pola Deputación de Lugo e na que sí só figura dúas páxinas dos servizos de Monforte.

D^a Isabel García na súa intervención presenta unha guía de Monforte de Lemos editada no ano 1992 e procede a ler páxina a páxina dita guía (A Oficina de Turismo, segue pola flora e fauna, fala do antroido, casa máis estreita, a historia de Monforte, co Castelo de San Vicente, a pontenova da alcazaba, polidepotivo municipal, bliboiteca municipal, piragüismo no Cabe, romaría do San Mateo, parroquia de Monforte que non é fora, hospital de Monforte, o altar maior das Clarisas, aínda non atopei nada de chantada, Colexio dos Pais escolapios, explanada da Compañía, festas de San Antonio, o clube fluvial, festa de San



Xoán, parque infantil da Compañía, barrio da Estación, a procesión do famoso Martes de Pascua, o refuxio turístico de Ribasaltas, o molino do Malecón, etc. , deixando claro que se trata dunha guía exclusiva de Monforte dende a primeira á derradeira páxina.

Toma a palabra D^a Pilar López dicindo que D^a Isabel García ten toda a razón, o señor José Antonio Soengas era o concelleiro de Cultura nese momento. Di que o debate de quen foi o primeiro e o último o sacaron vostedes nos medios de comunicación. Fala de que o problema que xa no mes de xaneiro co motivo dunha proposta da alcaldía, xa escoitamos neste pleno que os demais non fixemos nada en doce anos. Fala do fixeron nos 12 anos: valoración de postos de traballo, consolidación de postos de traballo, convenio colectivo, borrador de RPT, pregunta que fixeron vostedes en materia de persoal?, ao mellor o que fixeron foi preocuparse polas bases de cotización deste Concello. En materia de turismo tamén fixemos folletos, páxina web, etc. Dille ao Sr. Emilio que a feira medieval si esta nomeada, ao final. Dille ao Sr. Torres di que so se preocupan de botar asfalto.

Toma a palabra D^a Julia Rodríguez dirixíndose ao Sr. Torres dicíndolle que non tergíverse as súas palabras, di que ela dixo que lamentaba que non se houbera elaborado unha guía nos últimos anos, di que se está a debater quen foi o primeiro, e isto ten pouca utilidade. Pregunta si se sinten orgullosos desta guía, se realmente esta guía recolle todos os valores e pontencial que hai neste Concello, se hai algún signo que nos leve a que aquí tamén hai románico, fala da festa da empanada. Di que lle parece que no Concello hai elementos moi importantes e destacados. A tónica xeral deste mandato foi que non cabía achegas de ninguén. Di que temos unha guía pobre.

D. Emilio Rodríguez rectifica as palabras relativas á feira medieval xa que aparece na páxina nove. Di que é probable que cada un dos que están aquí farían unha guía diferente. Fala de que esta guía é de bolsillo.

Toma a palabra D. Ibán Torres manifestando que todo é mellorable, parecéndolle unha boa idea o do código QR que di a Sra. Julia. Dille a D^a Isabel que a él tamén lle gusta pásalo ben.

Toma a palabra D^a Isabel García dicindo que é consciente que sería unha boa guía para Monforte. Di que ten importancia que un alcalde se quiera adueñar de todo, di que é mentira. Non é verdade de que sexa a primeira guía. Di que houbo moita xente que traballou polo turismo dende tempos moi antigos, fala da labor que fixo Nazario Pin. Di que eles piden que se nos deixara ver como foi solicitada e con que asesoramento se contou, di que sigue esperando a esa información, ninguén se puxo en contacto con ela. Fala de facer un folleto útil simplemente.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que o que dixo D^a Isabel minte e que a documentación que solicitou foille remitida. Di que el non minte, o que se entende por unha guía de Turismo esta é a primeira guía de turismo como tal. Dille a D. Emilio que esta guía foi revisada por unha persoa do Concello que é lingüista, correxiuna e teóricamente sabe. Foi cun contrato público cunha empresa de Monforte, claro que todo é mellorable, e hai cousas que correxir e completar, está de acordo. En relación coa feira medieval, di que se deron conta de que faltaba, manifestando que a empresa está redactando dúas páxinas relacionadas coa feira medieval e nas próximas publicacións que se reedite sairá. O importante é que agora hai unha guía e que pode ser mellorable. Dicíndolle a D^a Isabel García que o que trae aquí non é unha moción senón un rogo.

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno con once votos a favor (da concelleira de Esperta Monforte, dos concelleiros/as non adscritas, e dos concelleiros do grupo municipal popular) e cinco votos en contra (dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista) aproba por maioría a moción presentada.

Toma a palabra D. Emilio Rodríguez manifestando a retirada da moción presentada relativa ás reivindicación do 8 de marzo.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

7. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 30.01.2019 e 08.02.2019) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

8. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 4º TRIMESTRE DE 2018 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAC

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 4º trimestre de 2018, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.



9. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 4º TRIMESTRE DE 2018.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 4º trimestre de 2018, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 2,11.

10. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2018.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 4º trimestre de 2018:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

1º.-PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE REXISTRADA O 21 DE FEBREIRO DO 2019

Formúlaa a voceira do Grupo, Dona Isabel García Díaz.

“E coñecido que no Concello de Monforte no mes de Decembro fíxose efectiva a xubilación do Secretario titular, xubilación por certo, anunciada un tempo antes.

É difícil de entender que a este equipo de goberno non lle preocupara este feito e non tivera previsto solicitar en prazo (ata o 10 de febreiro de 2019) a inclusión do posto no concurso ordinario de habilitados, para así poder contar cunha Secretaría municipal a tempo completo.

Que ningún interprete que no estamos a queixar do funcionario por acumulo que temos na actualidade, simplemente, co Concello de Monforte de Lemos ten unhas características que fan necesaria unha dedicación a tempo completo á Secretaría municipal.

Chama tamén a atención que a vacante a Secretaría do Concello, por xubilación, se cubra cun desempeño dela por un funcionario acumulado doutra administración, nun tratamento diferente do habido coas prazas de Intervención e Tesourería. “.

Por iso preguntamos



-1. Por qué se lle da un tratamento diferente á Secretaría con respecto ó que se lle deu á Interventora e Tesoureira Accidentais, cando resulta que, a técnica municipal que substituíra ao Secretario, cumpre cos requisitos actuais do Real Decreto 12//2018?

2. Cal é o motivo polo cal este Concello non solicitou cubrir a vacante de secretaría a tempo completo no prazo de concurso ordinario?

?

Resposta do Sr. Alcalde:

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que este documento se foramos a ser formales non existen as preguntas-rogos, existen as preguntas e existen os rogos.

Di que no escrito presentado hai varios erros xurídicos, económicos. En primeiro lugar poñer de manifesto que non lle corresponde ao Concello de Monforte de Lemos nomear aos secretarios, interventores e tesoureiros/as. Dille que lea 79/2009 explicalle como se fai a cobertura deste tipo de funcionarios, nese texto legal as atribucións para o nomeamento son da Xunta de Galicia, o que Concello de Monforte o que fai é unha proposta e, no caso das acumulacións hai que ter en conta se os funcionarios da categoría aceptan ou non. Engadir que o recurso de acudir a un funcionario da propia Corporación so é posible cando de esgotan as posibilidades de desempeño de funcionarios de habilitación nacional. Seguironse os mesmos pasos nas prazas de Intervención e Tesourería. Fala de que Interventora tenlle dito moitas veces que busque alguén para Intervención. Di que esta situación non é exclusiva do Concello de Monforte, esta o Concello de Lugo, o de Chantada estivo moitos anos, está a Deputación, nos mesmos deixamos acumular a Tesoureira que había ía ao Concello do Carballiño. Fala das cuestións de tipo económico, a persoa que cubre a praza de Secretario percibe un 30%. Fala do punto de vista da eficacia, di que aquí se aguantaron moitas cousas. Di que se están sacando adiante, como o tema do Cornado estaba parado, agora está andando, e outras cousas máis.

Manifesta que se sabía con tempo que se xubilaba o Sr. Secretario, con tempo o sabería vostede, había moitas cousas que se enteraba a oposición pero non o equipo de goberno, di que se enterou un mes antes xustamente nunha xunta de goberno, en novembro despois das vacacións. Dille que esta pregunta é mal intencionada, comportándose dun xeito un pouquiño baixo, di que este Concello ten tres vacantes, tres prazas de habilitados nacionais, o comportamento foi exactamente igual nos tres casos, a interventora foise en abril do 2015, tamén se podería dicir que o anterior alcalde non fixo nada, pero faría o que puido. En menos dun ano foise a sra. Tesourería, ela mesma intentou axudar para cubrir a praza que estaba no Concello de Burela, pero por motivos familiares non puido. En decembro se contactou cunha persoa, que unha vez que o interesado di que si e o presidente da Deputación di que si, despois se remite á Xunta, e en tres días nos contestou a Xunta, estando moi agradecido por actuar tan rápido. Di que el tamén prefería que estivera a tempo completo. Di que a Secretaria Accidental xunto con outra persoa que agora xa non está aquí que está no concello de Gondomar



alternaban a Secretaría Accidental, como a persoa da interventora accidental a tesourería accidental están facendo unha labor excelente. Agradece sinceramente a súa colaboración.

Manifesta que é mentira que se tratara de feito diferente a cada praza, non sabe que argumentos. Soamente nun caso se atopou unha persoa que testivo disposto a vir e nos outros non. E volve dicir que as vacantes non cousa do Concello.

2º.- PREGUNTA DO BNG REXISTRADA O DIA 22 DE FEBREIRO DO 2019

Formúlala o voceiro do Grupo, D. Emilio Rodríguez.

“En pasadas datas levouse a cabo a renovación do alumado da rúa Covas, parte deste proxecto foi financiado pola Deputación de Lugo e parte polo Concello. Pódese observar que un tramo da citada rúa quedou sen ser obxecto de tal actuación”.

Por iso preguntamos

Por que non se levou a cabo a renovación de todo o alumado da rúa Covas?

Resposta o Sr. Alcalde

Manifesta o Sr. Alcalde que agora arranxáronse as rúas estando contentos a maioría dos veciños, o alumado arranxouse na maioría ata onde chegou o orzamento, agora mesmo o proxecto que se está a facer do Morín, para a altura da residencia do Morín, porque ata aí é donde chegou o diñeiro e no mesmo pasou na rúa de Cobas, cando se poda se seguirá co cambio de alumado na rúa Cobas. Fala tamén que se vai realizar na rúa Ourense.

3º.-ROGO DO BNG PRESENTADO CON DATA 22 DE FEBREIRO DO 2019. Formula o rogo o seu portavoz D. Emilio José Sánchez.

“No pasado pleno do mes de novembro, este grupo presentou unha pregunta relativa á titularidade da vía que transcorre entre os supermercados Lidl e Gadis, a día de hoxe aínda non recibimos ningunha resposta. Vimos de observar que dende que o supermercado Lidl levou a cabo unha obra de arranxo, este impide o estacionamento de vehículos no aparcadoiro, fóra do horario de apertura. Entendemos que no momento da apertura deste establecemento o Concello chegara a un acordo para que o aparcadoiro fora de uso público. “

Resposta o Alcalde

Manifestando que non está clarificado quen é o dono.



4º.-ROGO DO BNG PRESENTADO CON DATA 22 DE FEBREIRO DO 2019

“Na rúa Covas, á altura da intersección con Tomás Vázquez, na marxe esquerda, existe un barranco, que se atopa cuberto pola maleza. Polas súas características, isto supón un notable perigo para viandantes, cativos e mesmo para vehículos. Ademáis disto, como todos e todas sabemos, a maleza supón un risco de incendio, e xa que dende as administración públicas se está a esixirlle aos propietarios das fincas que realicen as rozas pertinentes, consideramos que o Concello debería dar exemplo e así poñer en práctica as medidas acordadas no plan contralumes”.

Resposta o Alcalde

Manifesta o Sr. Alcalde que ten o mesmo risco que tivo en mandatos anteriores, haberá que ver que ten competencia, tomando nota do que vostede di, no tema de desbroces o técnico de medio ambiente pasa un montón de notificacións para levar a cabo os desbroces das fincas.

5º.-ROGO DO PP SOBRE O ESTADO DE NUMEROSOS VIALES DA NOSA CIDADE

O pasado mes de marzo de 2018, este grupo municipal elevou unha moción ao pleno da Corporación adoptándose o seguinte acordo, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/os non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista):

1º.A levar a cabo as actuacións sinaladas nas rúas Vicente Risco, Raimundo Patiño e Luis Seoane, consistentes en:

Requerir aos propietarios da finca cuio peche se está esborrallando sobre a cuneta na rúa Vicente Risco, para que eliminen o peche de espiño, as travesas queimadas que están inestabeis e as pedras que se esborrallan sobre a cuneta, asegurando o peche.

Limpar as cunetas destas rúas, de maneira especial, as da rúa Vicente Risco, desatascando aqueles puntos que fan que se acumule a auga e que cubra toda a calzada. Mellorando o firme das rúas Vicente Risco, Raimundo Patiño e Luis Seoane.

Regulando o tráfico, previo o estudo correspondente, de maneira que estas rúas pola súa estreitez, sexan de sentido único, de maneira que se entre dende a rúa Chantada por unhas e se saia por outras, para evitar o cruce de vehículos, sin que exista anchura suficiente para o seu tránsito.

2º.-Levar a cabo actuacións de mellora de firme e cunetas na rúa Antolín López Peláez.



-O Sr. Alcalde tenos acostumados a incumprir e desoir os acordos do pleno da Corporación. Pero neste caso, ten pasado un ano, e ten sido quen, de renovar firmes de vías que non o precisaban tanto, sin ser capaz de cumpri-lo acordado, prexudicando así de maneira intencionada aos veciños da rúa Vicente Risco e as demais sinaladas no acordo antes reproducido.

Por tal motivo, é polo que se eleva o presente ROGO:

Que se lle de cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do mes de marzo de 2018, antes transcrito.

Resposta o Sr. Alcalde

Manifestando que estes viales entraron dentro dun proxecto moi amplo que fixo un técnico de Monforte e que se contratou por lotes, e un dos lotes que é da periferia rural de Monforte, inclúe os tres tramos, incluíndo o que vostede dicía.

6º.--ROGO DO PP EN RELACIÓN A UN NOVO XULGADO DO SOCIAL PARA LUGO

“Fai algún tempo, o Parlamento de Galicia tomou un acordo no sentido de instar ao Goberno a dotar dun novo Xulgado do Social para Lugo, considerando que se están producindo sinalamentos apra 2023, e que acumula unha carga de traballo do 148%. A Xunta de Galicia e o TSXG, na Comisión Mixta acordaron trasladar ao Ministerio a solicitude de tres xulgados do social, para Vigo, Santiago e Lugo.

O único concedido foi Vigo, despois de moitas presións para que o reconsideraran, acordaron conceder un novo xulgado para Santiago. Non así para Lugo. Esta decisión prexudica en gran medida a moitos veciños monfortinos que teñan que esperar anos para ver resoltas as súas pretensións na xurisdicción laboral.

Por tal motivo é polo que se eleva o presente ROGO:

Que se dirixa unha declaración institucional do Pleno da Corporación de Monforte, solicitándolle ao Ministerio de Xustiza que, rectifique e inclúa a creación dun Xulgado do Social para a cidade de Lugo”.

Resposta o Sr. Alclade

Manifestando que este grupo sempre apoia a mellora dos servizos públicos. Fala de que esa iniciativa foi nos últimos 11 meses. Asegura que este vaise transmitir ao Ministerio.

8º.-PREGUNTA DO PP SOBRE AUSENCIA DO BYPASS MONFORTINO

O pasado 20 de febreiro presentouse en Madrid o Plan Director para o Corredor Atlántico, presentación á que asistiu o alcalde de Monforte.



Este plan non contempla todas as actuacións que as comunidades interesadas tiñan trasladado ao Ministerio por ser unha materia na que se estivo traballando durante os últimos anos. Entre os investimentos que contempla ese Plan, non aparece o bypass de Monforte. A pesares diso, e do que esa ausencia representa para a nosa cidade, o Alcalde non mostrou ningún reparo ao Plan presentado.

Polo exposto, fórmulanse as seguintes preguntas:

-O alcalde tense reunido con responsables de Fomento, fai apenas uns meses, suponemos que tería trasladado a conveniencia de que se incluíra o bypass monfortino no Plan Director do Corredor Atlántico. A realidade indica que, ou non o reclamaou, ou si o fixo o goberno do Sr. Pedro Sánchez non lle fixo caso. Cal é a súa valoración desta ausencia do bypass monfortino no Plan Director do Corredor Atlántico que ven de presentarse?

9º.-ROGO DO PP EN RELACIÓN Á NOTIFICACIÓN DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL

Desde el pasado día 7 de Enero, hace más de dos meses, este alcalde y este equipo de gobierno han incumplido el deber de notificar a los grupos de la oposición los acuerdos aprobados en Junta de Gobierno.

Este hecho fue comunicado al alcalde (por este grupo municipal) en la última comisión informativa celebrada el pasado 21 de Febrero. A fecha de hoy continúa sin cumplir con esta obligación, lo que da lugar a una total y absoluta falta de transparencia en la gestión.

Esta situación de oscurantismo, es utilizada por el alcalde como propaganda electoral en beneficio propio y de su equipo, de tal forma que la oposición tiene que enterarse a través de la prensa de lo que vienen aprobando en Juntas de Gobierno.

No sabemos que nos dirá el alcalde en relación a este asunto, pero caben pocas posibilidades; o bien las Juntas de Gobierno Local no se celebran periódicamente todos los lunes como se viene afirmado (algo que sabemos que no ocurre por los comunicados de prensa) o de lo que se trata es de ocultar la información a la oposición (ninguneándola una vez más como viene siendo habitual a lo largo de este mandato)

Por todo lo expuesto y en aras de la transparencia, RUEGO:

Que esta situación sea corregida y se notifiquen a los grupos de la oposición las actas correspondientes a las Juntas de Gobierno con periodicidad semanal como venía sucediendo hasta el pasado mes de diciembre de 2018.

10º.-ROGO “IN VOCE” DO PP RELATIVO Á PRAZA DE SECRETARIA

Manifetando a Sra. Julia Rodríguez que se abstenga de poñer en cuestión a profesionalidade do anterior Secretario e poñer en cuestión o seu traballo.

11º.-ROGO “IN VOCE” DE ESPERTA SOBRE PETICIÓN DE DOCUMENTACIÓN



Manifesta D^a Isabel García dicindo que porqué non se enviou a documentación solicitada como se facía antes cun axente notificador donde ela asinada.

(Neste intre auséntanse da sala de sesións os concelleiros do Grupo Popular, as concelleiras/os non adscritas e a concelleira de Esperta Monforte.)

Resposta o Sr. Alcalde á pregunta do **PP SOBRE AUSENCIA DO BYPASS MONFORTINO**

Manifestando que nesa materia non se estivo traballando nos últimos anos porque os documentos están aí. Agora se está traballando do plan director que fixo o Goberno . Monforte si que está no Plan director. O Goberno de Pedro Sánchez si que puxo a Monforte no mapa, a liña de Ponferrada- Ourense ou a liña de Ourense-Lugo pasan por Monforte. Esta variante vai suprimir os pasos a nivel.

Resposta o Sr. Alcalde ao rogo presentado polo PP **EN RELACIÓN Á NOTIFICACIÓN DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL**

Manifestando que se hai algún erro hai que correxilo.

Resposta o Sr. Alcalde ao rogo “in voce” presentado polo PP **SOBRE A PRAZA DE SECRETARÍA**

Manifestando que aquí non se cuestionou a profesionalidade do anterior Secretario, os que trouxeron aquí unha pregunta foron vostedes intentando enfrentar a dous funcionarios.

Resposta o Sr. Alcalde ao rogo “in voce “ do grupo **MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE SOBRE A PETICIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

Manifestando que no próximo Pleno dáráselle resposta sobre a data na que se lle envíe a documentación solicitada.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás nove horas e cincuenta minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,